



ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DE UNHA PRAZA DE PEÓN FORESTAL, SUBVENCIÓN XUNTA DE GALICIA-APROL RURAL, EXP: TR351G 2018/63-1

Na Casa do Concello de Porto do Son, do día 26 de xuño de 2018, reúnese o tribunal designado para a selección da praza, composto do seguinte xeito:

- Presidente: José Manuel Segade Santos.
- Vogal: José Antonio Maneiro Maneiro.
- Secretario: Manuel José Abeijón Blanco.

O obxecto da sesión é proceder á valoración da fase de oposición , establecida na base 10ª.

Unha vez realizado, o tribunal por unanimidade dos tres membros acorda:

1º) Outorgar as seguintes puntuacións:

APELIDOS E NOME	CASO PRÁCTICO	GALEGO	TOTAL
AGRAFOJO FERNÁNDEZ LUISA	NP	-	-
GARCÍA TUBIO LAURA	0	-	-
GUTIERREZ RODRÍGUEZ LAURA	2	-	-
RODRÍGUEZ ROMERO JESÚS	9	apto	9
SÚAREZ SANTOS FRANCICO JOSÉ	6	exento	6

CONCELO DE PORTO DO SON
 O día 26 de xuño de 2018
 Retirado
 O/A Funcionario/a de 20...
 Fixado no taboleiro de edictos

2º) Propoñer para a súa contratación pola Alcaldía ao seguinte participante por ser a persoa que acadou a maior puntuación na realización do procedemento de selección: RODRÍGUEZ ROMERO JESÚS.

3º) Bolsa de emprego: Cos aspirantes que superaron o proceso selectivo constituirase unha bolsa de traballo que poderá empregarse para a cobertura polo concello de postos de traballo das mesmas características (fomento da empregabilidade, contratos de interese social). A duración desta bolsa será dun ano.

4º) Presentación da documentación polos aspirantes aprobados. O candidato seleccionado deberá presentar no Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Porto do Son, en horario de 8:00 a 13:30, **no prazo de 2 días naturais (se o último día do prazo fose inhábil, trasladarase ao primeiro hábil seguinte)** dende que se faga pública a relación de aprobados (mediante anuncio no Taboleiro do Concello) os documentos acreditativos das condicións de capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria:

- **Certificado ou informe médico de atoparse apto para a realización deste traballo.**
- **Declaración xurada de non atoparse incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade.**
- **Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública nin encontrarse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.**
- **Código IBAN de conta bancaria e copia da cartilla da Seguridade Social.**
- **Os aspirantes seleccionados deberán presentar neste momento os orixinais documentación presentada coa solicitude:** DNI ou pasaporte, tarxeta de demandante de emprego, certificado de escolaridade ou equivalente, e de ser o caso Certificación de aptitude do Celga 1 ou do curso de aptitude equivalente ou ben a validación correspondente.



- De non presentarse dita documentación no prazo indicado (salvo casos de forza maior) ou no caso de deducirse da documentación que non se reúnen os requisitos esixidos, o aspirante non poderá ser contratado; sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incorrer por falsidade na súa solicitude de participación. Neste suposto, o Alcalde-Presidente contratará ao seguinte aspirante aprobado por orde de puntuación.

5º) Formalización dos contratos: Formalizaranse por resolución da Alcaldía baixo a **modalidade de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social**, co candidato seleccionado.